



A administración dos bens temporais na Igrexa. Claves para unha administración «orientada»

Miguel Campo-Ibáñez

0.- Formulación

Desde a promulgación do Código de Dereito Canónico (CIC), hai xa 38 anos, o 25 de xaneiro de 1983, non se produciu ningunha modificación substancial da lexislación codicial referente á administración dos bens temporais na Igrexa. É verdade que o Dereito patrimonial canónico está a demostrar que, malia o paso do tempo, contén en si importantes intuicións e indicacións que seguen sendo válidas no noso tempo (por exemplo, o referente á rendición de contas), mais tamén é verdade que algunhas importantes institucións do Código como o patrimonio estable das persoas xurídicas públicas¹ non foron «recibidas»², e que outras como os conceptos de acto de alleamento e acto de administración extraordinaria comezan a amosar desaxustes co tráfico mercantil e os novos contextos lexislativos estatais³.

A pesar desta ausencia de modificacións normativas no Código de Dereito Canónico, os últimos anos foron testemuñas dunha serie de iniciativas e documentos da Santa Sé, en concreto da Congregación

1 Diego Zalbidea. *El control de las enajenaciones de bienes eclesiásticos. El patrimonio estable*. Pamplona: EUNSA 2008.

2 J. Otaduy, «Recepción de la ley por la comunidad». En *Diccionario General de Derecho Canónico (DGCC)*, dirixido por Javier Otaduy, Antonio Viana, Joaquín Sedano, 735-739. Pamplona: Aranzadi, 2012.

3 Por exemplo, comezan a detectarse algunhas dificultades respecto ás operacións con activos financeiros, a determinación das autorizacións requiridas para as mesmas e a política de *compliance* das entidades bancarias.

para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica (CIVCSVA), tendentes a proporcionar valiosas orientacións sobre a administración de bens temporais na Igrexa. Estes documentos presentan o valor engadido de constituíren unha explicitación da praxe da Curia romana⁴. A miña opinión é que estes documentos conteñen orientacións extraordinariamente valiosas para toda administración de bens na Igrexa, non só para os relixiosos.

Neste artigo propoñome presentar sinteticamente as máis importantes liñas guía formuladas pola Santa Sé nestes documentos, xunto cun apuntamento sobre o necesario liderado da autoridade eclesiástica á hora de conseguir unha xestión dos bens verdadeiramente eclesial.

Cabe mencionar, sen pretensión de sermos exhaustivos, como máis destacadas as seguintes iniciativas, limitándonos a aquelas dirixidas a ofrecer orientacións sobre a administración dos bens eclesiásticos e non tanto as expresivas do maxisterio sobre economía do Papa Francisco⁵ ou doutros organismos vaticanos durante o seu pontificado.

En primeiro lugar, o simposio internacional «A xestión dos bens eclesiásticos dos Institutos de Vida Consagrada e das Sociedades de Vida Apostólica ao servizo do *humanum* e da misión na

4 Can. 19 CIC. «Cando, sobre unha determinada materia, non exista unha prescrición expresa da lei universal ou particular ou un costume, a causa, agás que for penal, hase decidir atendendo ás leis dadas para os casos semellantes, aos principios xerais do dereito aplicados con equidade canónica, á xurisprudencia e práctica da Curia Romana, e á opinión común e constante dos doutores». Javier Otaduy. «Praxis». DGDC VI, 347-352; John J. Coughlin. «*Stylus curiae*». DGDC VII, 414-415; Salvatore Berlingò. «Suplencia de la ley». DGDC VII, 479-488.

5 A modo de exemplo: Congregación para a Doutrina da Fe e Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral. *Oeconomicae et pecuniariae quaestiones. Consideraciones para un discernimiento ético sobre algunos aspectos del actual sistema económico y financiero*, do 6 de xaneiro de 2018. Cidade do Vaticano: Librería Editrice Vaticana, 2018. http://www.vatican.va/roman_curia/congregations/cfaith/documents/rc_con_cfaith_doc_20180106_oeconomicae-et-pecuniariae_sp.html, consultado o 08 de marzo 2021. Cfr. Conferencia de presentación dun novo documento da Congregación para a Doutrina da Fe e do Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral «*Oeconomicae et pecuniariae quaestiones*». *Consideraciones para un discernimiento ético sobre algunos aspectos del actual sistema económico-financiero*, do 17 de maio de 2018. <https://press.vatican.va/content/salastampa/é/bollettino/pubblico/2018/05/17/pres.html>, consultado o 08 de marzo de 2021.

Igrexa»⁶ convocado pola CIVCSVA os días 8 e 9 de marzo de 2014 no *Auditorium Antonianum* de Roma⁷. O Papa Francisco dirixiuse aos participantes no *simposium* cun suxestivo e iluminador discurso⁸. Un dos froitos da celebración deste evento foi a publicación pola CIVCSVA do documento «Liñas orientativas para a xestión dos bens nos Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica. Carta circular»⁹, no ano 2014.

6 Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica. *La gestión de los bienes eclesiásticos de los Institutos de Vida Consagrada y las Sociedades de Vida Apostólica. Al servicio del humanum y de la misión de la Iglesia. Actas del Simposio Internacional, Roma 8-9 de marzo de 2014*. Cidade do Vaticano: Libreria Editrice Vaticana, 2014.

7 Estas foron as intervencións principais: Mons. José R. Carballo, *A animación e a xestión dos bens eclesiásticos dos IVC e SVA. Ao servizo do humanum e da misión na Igrexa. Liñas eclesiolóxicas*; Arz. Joseph Tobin, CSSR, *O carisma e os bens dun instituto e a súa relación coa Igrexa local*; Yuji Sugawara, SJ, *Os bens eclesiásticos e a súa finalidade no Código de Dereito Canónico*; Miroslav Konštanc Adam, OP, *A caridade, a xustiza e a legalidade. Os bens dos institutos e o ordenamento estatal*; Álvaro R. Echeverría, *Relación entre o servizo da autoridade e o servizo dos ecónomos, na xestión dos bens do instituto*; Stefano Zamagni, *O comportamento económico nunha sociedade en transformación*; dous relatorios de Santiago González Silva e de Yvonne Reungoat e, finalmente, unha mesa redonda co título *Cara a unha economía profética, solidaria, comercial*, na que interviñeron Enrique Sánchez González, Marco Impagliazzo, Kerry Robinson, Alessandro Barban, Olga María Rodríguez Correa, Marco Aquini.

8 FRANCISCO, *Mensaje a los participantes en el simposio internacional sobre el tema «La gestión de los bienes eclesiásticos de los institutos de vida consagrada y de las sociedades de vida apostólica al servicio del humanum y de la misión en la Iglesia»*. Pontificia Universidad Antonianum, 8-9 de marzo de 2014. http://www.vatican.va/content/francesco/es/messages/pont-messages/2014/documents/papa-francesco_20140308_messaggio-vita-apostolica.html, última consulta o 08 de marzo de 2021.

9 Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica. *Líneas orientativas para la gestión de los bienes en los Institutos de Vida Consagrada y las Sociedades de Vida Apostólica. Carta circular*. Madrid: Publicaciones Claretianas, 2014. De aquí en diante, *Carta Circular*. En italiano, https://www.vatican.va/roman_curia/congregations/ccsclife/documents/CIVCSVA_lettera-circolare-gesione-beni_20140802.pdf, última consulta o 08 de marzo de 2021. O pdf da carta en castelán pode atoparse en numerosos lugares na internet, a modo de exemplo: <https://www.emis-int.org/carta-circular-de-la-civcsva-lineas-orientativas-para-la-gestion-de-los-bienes-en-los-institutos-de-vida-consagrada-y-en-las-sociedades-de-vida-apostolica/>, última consulta o 08 de marzo de 2021. Cfr. M. Campo-Ibáñez. «Presentación y comentario canónico a la carta circular de la Congregación para los Institutos de Vida Consagrada y las Sociedades de Vida Apostólica (CIVCSVA), Líneas orientativas para la gestión de los bienes en los institutos de vida consagrada y las sociedades de vida apostólica, de 2 de agosto de 2014». *Estudios Eclesiásticos* 89 (2014): 781-797.

En 2016, entre os días 25 e 27 de setembro, tivo lugar o «Segundo simposio internacional sobre a xestión económica dos institutos de vida consagrada e as sociedades de vida apostólica»¹⁰. Tamén nesta ocasión o Papa Francisco enviou unha iluminadora carta¹¹ aos participantes no simposio. Nas postrimerías do ano 2017 viu a luz un novo documento da Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica (CIVCSVA) que levou por título «Economía ao servizo do carisma e da misión. «*Boni dispensatores multiformis gratiae Dei*» (1 Pe 4, 10). Orientacións»¹². O documento fora aprobado polo Santo Pai na audiencia do 12 de decembro de 2017 e foi feito público o 6 de xaneiro de 2018.

Nos últimos anos púxose especialmente de manifesto a necesidade de trasladar ao ámbito da administración dos bens eclesiais aquelas orientacións carismáticas que imprimen á administración dos bens nas entidades da Igrexa católica un sinal especial. A Igrexa non renuncia, á hora de xestionar o seu patrimonio, ás técnicas e recursos propios do mundo empresarial; porén, a utilización destes instrumentos e técnicas deberá estar sempre

10 Congregazione per gli Istituti di Vita Consacrata e le Società di Vita Apostolica. *Nella fedeltà al carisma ripensare l'economia*. Cidade do Vaticano: Librería Editrice Vaticana, 2018.

11 FRANCISCO. *Mensaje a los participantes en el segundo simposio internacional sobre la gestión económica de los institutos de vida consagrada y las sociedades de vida apostólica*. Roma, 25-27 de noviembre de 2016.

http://www.vatican.va/content/francesco/es/messages/pont-messages/2016/documents/papa-francesco_20161125_messaggio-simposio-vita-consacrata.html, última consulta o 08 de marzo de 2021.

12 Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica (CIVCSVA), *Economía al servicio del carisma y de la misión*. «*Boni dispensatores multiformis gratiae Dei*» (1 Pe 4, 10). Orientacións. De aquí en diante *Economía al servicio*. <http://www.congregazionevitaconsacrata.va/content/dam/vitaconsacrata/LibriPPDF/Spagnolo/ECONOMIA.pdf>, última consulta o 08 de marzo de 2021. O documento pode atoparse tamén en Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica. *Economía al servicio del carisma y de la misión*. «*Boni dispensatores multiformis gratiae Dei*» (1 Pe 4, 10). Orientacións. Madrid: Publicaciones Claretianas, 2018. M. Campo-Ibáñez. «Economía al servicio del carisma y la misión. Orientacións». Madrid: Publicaciones Claretianas, 2018. Presentación e comentario». *Estudios Eclesiásticos* 93 (2018): 819-874.

subordinada aos principios que caracterizan o ser e misión propios da Igrexa, singularmente a ordenación dos bens eclesiásticos ao cumprimento dos fins que lle son propios, e a opción polos métodos de xestión e decisións operativas que sexan máis conformes co Evanxeo e co Maxisterio da Igrexa, singularmente coa súa doutrina social¹³.

A Igrexa foi sempre consciente de que o modo de como administra os bens que recibiu para levar a cabo a súa misión, non só non é indiferente, neutro, senón que en si mesmo constitúe un elemento de validación da súa misión e testemuño.

O Papa Francisco, na súa misiva aos participantes no primeiro simposio sobre administración de bens nos institutos de vida consagrada, exprésao lucidamente ao sinalar verbo da administración dos bens eclesiásticos que

con cautela e transparencia, sexan tutelados e preservados, conxugando a prioritaria dimensión carismático-espiritual coa dimensión económica e a eficiencia, que ten o seu propio humus na tradición administrativa dos institutos que non tolera dispendios e está atenta ao bo uso dos recursos¹⁴.

A administración dos bens na Igrexa, tanto dos bens eclesiásticos¹⁵ pertencentes ás persoas xurídicas públicas¹⁶ como dos bens propiedade das persoas xurídicas privadas¹⁷, está suxeita a unha especial normativa, tanto universal como particular, que busca salvagardar a especificidade da Igrexa e o especial sentido e misión que os bens recibidos teñen nela. A Igrexa é ben consciente de que

13 «Os superiores han ser conscientes de que non todas as técnicas de xestión corresponden a principios evanxélicos nin todas concordan coa doutrina social da Igrexa». *Carta Circular*, 28.

14 FRANCISCO, *Mensaje a los participantes en el simposio internacional sobre el tema «La gestión de los bienes ...», op. cit.*

15 ALBERTO PERLASCA. «Ben eclesiástico». DGDC I, 689-693; Jean Piere Schouppe. «Bienes temporales de la Igrexa». DGDC I, 703-708.

16 SANTIAGO BUENOS SALINAS. «Persona jurídica pública». DGDC VI, 189-191.

17 CARMEN GARCIMARTÍN. «Persona jurídica privada». DGDC VI, 188-189.

unha correcta administración dos bens das persoas xurídicas eclesiais constitúe unha forma especialmente sensible de validación do seu ser e misión e que, pola contra, unha administración non ben orientada, unha mala administración dos seus bens, pode producir, e produce, graves danos á vida e misión da Igrexa.

O Dereito patrimonial canónico, é dicir, o Dereito referente á administración dos bens temporais da Igrexa, diríxese precisamente á defensa desta especificidade que, sen rexeitar as modernas técnicas de xestión tendentes a optimizar a eficacia e a eficiencia, asegure unha administración dos bens posta en liña co ser e misión propios da Igrexa católica. Esta é a razón pola que podemos e debemos falar do Dereito da Igrexa para a administración dos bens como un Dereito pastoral, pois vai directamente dirixido, o mesmo ca todo Dereito na Igrexa, a asegurar que a fe, a graza e os carismas ocupen o lugar que lles corresponde na vida da Igrexa.

A finalidade do Código non é de ningún xeito substituír na vida da Igrexa e dos fieis a fe, a graza, os carismas e sobre todo a caridade. Pola contra, o Código mira máis ben a crear na sociedade eclesial unha orde tal que, asignando a parte principal ao amor, á graza e aos carismas, faga á vez máis fácil o crecemento ordenado dos mesmos na vida tanto da sociedade eclesial como tamén na de cada unha das persoas que pertencen a ela¹⁸.

1.- O carisma como ferramenta de xestión

Na carta ao primeiro congreso sobre administración de bens na vida consagrada o Papa¹⁹ sinala como primeiro criterio de valoración da administración, da xestión e de calquera intervención dos institutos relixiosos en materia de bens, o resultado do binomio

18 XOÁN PAULO II. «Constitución apostólica *Sacrae disciplinae leges*», do 25 de xaneiro de 1983. *Acta Apostolicae Sedis* 75/2 (1983): VII-XIV.

19 FRANCISCO. *Mensaje a los participantes en el simposio internacional sobre el tema «La gestión de los bienes ...», op. cit.*

formado pola fidelidade ao carisma²⁰ fundacional e ao consecuente patrimonio espiritual xunto cos fins propios de cada instituto.

O carisma fundacional virá dado, nun instituto de vida consagrada, polo impulso orixinal do Espírito Santo recibido polos fundadores e aceptado pola Igrexa, pois a vida consagrada é sempre un don de Deus á súa Igrexa²¹. Este carisma fundacional toma corpo no patrimonio espiritual do instituto, é dicir, «a mente e propósito dos fundadores, corroborados pola autoridade eclesiástica competente, sobre a natureza, fin, espírito e carácter de cada instituto» (can. 578 CIC).

Este aserto, válido para os institutos de vida consagrada e as sociedades de vida apostólica, éo tamén para calquera persoa xurídica, pública ou privada, na Igrexa, e plasmarase nunha específica natureza, fin, espírito e carácter de cada unha das persoas xurídicas eclesiásticas, desde a Igrexa católica en canto tal, pasando pola Santa Sé, as dioceses, as parroquias, fundacións e asociacións de fieis, etc. Para alén dos fins específicos de cada instituto ou persoa xurídica, a Igrexa definiu claramente os fins de toda a actuación eclesial, tamén en materia de administración de bens, dos cales uns fins concretos serán sempre especificación, a saber, a realización de «obras de piedade, apostolado ou caridade, tanto espiritual como temporal» (can. 114 §2 CIC) ou, noutra formulación, «soster o culto divino, sustentar honestamente o clero e demais ministros, e facer as obras de apostolado sacro e de caridade, sobre todo cos necesitados» (can. 1254 §2 CIC).

20 J. PELLITERO. «Carisma». DGDC I, 873-877.

21 Can. 573 §1 «A vida consagrada pola profesión dos consellos evanxélicos é unha forma estable de vivir na que os fieis, seguindo máis de preto a Cristo baixo a acción do Espírito Santo, ...»; can. 574 §1 «O estado de quen profesa os consellos evanxélicos nestes institutos pertence á vida e santidad da Igrexa...»; can. 575 «Os consellos evanxélicos, fundamentados na doutrina e exemplo de Cristo Mestre, son un don divino que a Igrexa recibiu do Señor e conserva sempre coa súa graza»; can. 576 «Corresponde á autoridade competente da Igrexa interpretar os consellos evanxélicos, regular con leis a súa práctica e determinar mediante a aprobación canónica as formas estables de vivilos, así como tamén coidar pola súa banda de que os institutos crezan e florezan segundo o espírito dos seus fundadores e as sas tradicións».

Citando a San Xoán Paulo II, o Papa Francisco na súa primeira carta sinala como «a natureza do carisma canaliza as enerxías, sostén a fidelidade e orienta o traballo apostólico de todos cara á única misión»²².

Para o Papa Francisco a dimensión carismático-espiritual debe inspirar profundamente a administración dos bens das entidades eclesiásticas. Á luz deste ensino enténdese a primeira frase do documento *Carta circular* de 2014: «O campo da economía é instrumento da acción misioneira da Igrexa»²³.

No documento a CIVCSVA sinala claramente como «a dimensión económica está intimamente enlazada coa persoa e a misión. Pola economía pasan opcións fundamentais para a vida e nelas é preciso que se transparente o testemuño evanxélico, atento ás necesidades dos irmáns e irmás»²⁴. Esta directriz repítese no documento *Economía ao servizo do carisma e a misión*²⁵.

Os bens na Igrexa son un medio para levar a cabo a misión de anuncio evanxélico encomendada polo Señor aos apóstolos²⁶. Desde aí, desde ese impulso carismático, deberanse avaliar a dirección, os propósitos, o significado e as implicacións sociais e eclesiais das opcións económicas e administrativas²⁷.

Nestes documentos do Maxisterio convídase, en suma, os institutos relixiosos, e máis amplamente todas as entidades eclesiais, a non se encadearen ao paradigma tecnocrático, a poñeren a técnica ao

22 XOÁN PAULO II. *Exhortación apostólica postsinodal Vita consecrata, sobre la vida consagrada y su misión en la Iglesia y en el mundo, do 25 de marzo de 1996*, 45, AAS 88 (1996) 418 (377-486).

23 Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica. *Líneas orientativas para la gestión de los bienes en los Institutos de Vida Consagrada y las Sociedades de Vida Apostólica. Carta circular*. Madrid: Publicaciones Claretianas, 2014, 13. De aquí en diante *Carta circular*.

24 *Carta circular*, 15.

25 *Economía al servicio*, 23.

26 Mt 28, 19-20.

27 *Economía al servicio*, 27.

servizo dun progreso humano integral²⁸, a se preocuparen non só dos resultados da xestión senón tamén do *iter* do proceso económico²⁹.

2.- Planificación

A incorporación do carisma como instrumento principal de xestión adestra para o discernimento³⁰, para ver coa mirada de Deus; para descubrir capacidade onde outros non ven senón carencias³¹.

Todo isto remite ao concepto «discernimento», unha ferramenta que debe tamén ser incorporada ao campo da toma de decisións en materia económico-administrativa. Discernimento remite, primeira e principalmente, á escoita do Espírito. Sinala a CIVCSVA que «cómpre superar a mentalidade que considera opostas a proxección e a planificación de actividades e obras coa apertura á novidade do Espírito»³².

Así, convídase a incorporar de forma decidida, onde aínda non se fixo, ferramentas como os plans de investimentos, orzamentos e balances³³.

A planificación levará a expresar unha visión de futuro coa que comprometerse e que guiará as opcións económico-patrimoniais concretas das entidades eclesiais.

A relación entre carisma e visión de futuro é constitutiva da misión mesma dos institutos de vida consagrada e das sociedades de vida apostólica [...], é responsabilidade de cada instituto

28 *Economía al servicio*, 33, citando *Laudato si*, 112. FRANCISCO, *Carta encíclica Laudato si sobre el cuidado de la casa común*, do 24 de maio de 2015, 112: AAS 107 (2015) 892 (847-945); http://www.vatican.va/content/francesco/es/encyclicals/documents/papa-francesco_20150524_enciclica-laudato-si.html, última consulta o 18 de marzo de 2021.

29 *Economía al servicio*, 30.

30 MICHAEL J. BUCKLEY. «Discernimiento». En *Diccionario de Espiritualidad Ignaciana*, dirixido por José García de Castro - Grupo de Espiritualidad Ignaciana, 607-611. Bilbao: Mensajero-Sal Terrae, 2007

31 *Economía al servicio*, 44.

32 *Economía al servicio*, 61.

33 *Carta circular*, 20.

elaborar unha visión do futuro tamén no referente aos aspectos administrativos das obras³⁴.

A incorporación dunha mentalidade proxectual, ligada ao discernimento espiritual, permite unha visión de conxunto das obras apostólicas e das respostas demandadas pola misión, «ofrece a posibilidade de superar os impulsos cara á auto-referencialidade, de superar as divisións e as diferenzas, buscando solucións vantaxosas, enriquecedoras para todos e compartidas»³⁵.

Esta mentalidade proxectual tomará corpo nunha escoita atenta do Espírito que deberá ir acompañada dunha metodoloxía e instrumentos axeitados para anticipar e deseñar o cambio, para valorar a factibilidade real das accións, para incorporar a experiencia do pasado, tamén para incorporar o saber facer de expertos externos, as boas prácticas doutras entidades eclesiais e as competencias e riquezas do traballo en rede³⁶.

3.- Transparencia

A transparencia, dimensión ligada á rendición de contas³⁷ (dar conta das actividades, das opcións tomadas e dos resultados conseguidos), constitúe unha das intuicións, non sempre escoitada, da normativa canónica sobre administración de bens.

Cada vez máis as leis civís están a impoñer regras de transparencia como garantía de corrección e legalidade das accións.

Os informes e balances constitúen unha ferramenta básica para xerar credibilidade e confianza. «Sen regras non pode haber confianza»³⁸ xa que, como sinala o documento, a confianza xérase

34 *Economía al servicio*, 63.

35 *Economía al servicio*, 48.

36 *Economía al servicio*, 47.

37 D. ZALBIDEA. «Los bienes temporales de la Iglesia al servicio de la misericordia». *Scripta Theologica* 48 (2016), 149-172.

38 Pontificio Consello «Xustiza e paz». *Nota de la Santa Sede sobre la financiación del desarrollo en vísperas de la Conferencia promovida por la Asamblea General de las Naciones*

grazas a regras que identifican a responsabilidade e comprobán a transparencia³⁹.

O testemuño evanxélico esixe que a xestión das obras se realice con total transparencia, no respecto ás leis canónicas e civís, ao servizo das moitas formas de pobreza»⁴⁰. A transparencia eríxese á súa vez como resultado e como orzamento da vixilancia e os controis que, lonxe de ser unha expresión de falta de confianza ou de limitación da autonomía, son máis ben expresións de comunión, é dicir, de tutela e acompañamento de quen leva a cabo as tarefas de administración dos bens⁴¹.

Un bo deseño de funcións, de protocolos de rexistro das operacións, de controis internos e de autorizacións serán pasos necesarios para avanzar no camiño da transparencia.

Como sinala a CIVCSVA «non hai responsabilidade sen transparencia, a transparencia xera confianza, a confianza supón a unha e a outra»⁴².

4.- Formación

Os documentos da Santa Sé que vimos analizando toman nota da necesaria colaboración entre sacerdotes, relixiosos e laicos, no complexo e retador labor de administración dos bens nas entidades eclesiásticas⁴³.

Cregos e relixiosos, especialmente os ecónomos e ecónomas, aínda que tamén os superiores, deberán adquirir as competencias técnicas necesarias para poderen desempeñar con eficacia e efi-

Unidas en Doha, do 18 de novembro de 2008, 3c; http://www.vatican.va/roman_curia/pontifical_councils/justpeace/documents/rc_pc_justpeace_doc_20081118_finanza-sviluppo_sp.html, última consulta do 18 de marzo de 2021.

39 *Economía al servicio*, 72.

40 *Carta circular*, 19.

41 *Idem*.

42 *Economía al servicio*, 69.

43 *Carta circular*, 25.

ciencia as tarefas de administración encomendadas, pois haberá decisións que só eles poderán adoptar⁴⁴.

Todos, cregos, relixiosos e relixiosas, laicos e laicas, deberán ser formados na dimensión evanxélica da economía, na sensibilidade a principios como gratuidade, fraternidade, xustiza e comunión.

«A formación para a dimensión económica, en liña co propio carisma, é de fundamental importancia para que as opcións misio-neiras sexan innovadoras e proféticas»⁴⁵.

Deberase coidar, pois logo, a formación de todos, e especialmente, porén, a capacitación técnica de cregos e relixiosos e a formación no carisma eclesial propio no caso dos laicos.

A formación para a dimensión económica parte da posta en común das motivacións humanas, éticas e morais do servizo, para chegar a redescubrir a dimensión evanxélica da economía, para administrar as estruturas económicas en orde a principios de gratuidade, fraternidade e xustiza, e para vivir a lóxica do don, achegando así unha verdadeira contribución ao desenvolvemento económico, social e político da sociedade e da Igrexa. [...] Poñer en marcha procesos de formación para a dimensión económica significa acompañar o cambio, reavivando a necesidade de volve-se cara ao señor Jesús, tamén en orde á economía. [...] Para iso necesítase unha oportuna preparación á luz da doutrina social da Igrexa⁴⁶.

5.- O necesario liderado da autoridade eclesial

Os documentos que viñemos analizando non o sinalan, e mais creo que, da nosa normativa básica en materia de administración de bens temporais, o Código de Dereito Canónico de 1983, derí-

44 «Os asesores poden ser de axuda, mais non poden substituír os responsables do instituto». *Carta Circular*, 26.

45 *Economía al servicio*, 39.

46 *Economía al servicio*, 35-36.

vase un papel crucial a desenvolver pola autoridade eclesiástica na inspiración, animación, acompañamento e control da actividade dos administradores e administradoras, un conxunto de funcións que podemos agrupar en torno ao concepto «liderado» e que constitúe unha plasmación da *pastoralidade* do Dereito canónico.

En efecto, a *pastoralidade* do Dereito é unha das manifestacións do *munus regendi* da xerarquía cuxo labor pasa por ordenar todo na vida da Igrexa ao fin supremo desta que é a salvación das almas. No ámbito da administración de bens, o *munus regendi* maniféstase non só no establecemento dun Dereito, unha disciplina positiva, que garante a ordenación finalista de toda administración de bens na Igrexa, senón que abrangue tamén uns labores de vixilancia e animación.

O Maxisterio iluminou, en diversas ocasións, o sentido profundo da vixilancia da autoridade na Igrexa sobre a administración de bens temporais, un sentido que pasa por facerse próximo, acompañar, animar, soste, etc. É dicir, pídesse á autoridade na Igrexa que exerza, para alén dos actos administrativos de control, un auténtico liderado que asegure o aliñamento dos actos de administración dos bens co ser e misión da institución. E isto, este liderado, pois cremos que así se pode chamar, é parte esencial do labor da autoridade eclesial, singularmente dos Ordinarios.

Na regulación do Código de Dereito Canónico queda claramente plasmada esta función de liderado da autoridade eclesiástica. En primeiro lugar, do Romano Pontífice a través dos seus órganos auxiliares da Santa Sé orientando, a través de normas sabias, a administración de bens, e vixiando, coa súa actividade administrativa, unha xestión dos bens verdadeiramente eclesial. En segundo lugar, os Ordinarios, na súa función reguladora, aínda que, sobre todo, no seu labor de vixilancia; un labor que, como sinalamos, ten moito de proximidade, de acompañamento, de apoio. A orientación dos Ordinarios será especialmente relevante en canto ao modo de administrar, por exemplo, na política de investimentos. Finalmente, a Igrexa confía aos Ordinarios a importante misión de seren os garantes principais das pías vontades.

O Bispo diocesano aparece configurado na lexislación do Código de Dereito Canónico como o líder nato da administración de bens na Igrexa particular que lle foi confiada. Do seu impulso e dirección dependerá que se dea unha boa e cabal administración dos bens, unha administración que testemuñe xa no modo de administrar os valores evanxélicos que inspiran o ser e actuar da Igrexa.

A todos os superiores, sexan ou non Ordinarios, atínxe, con carácter xeral, este labor de animación e dirección da administración de bens nas persoas xurídicas eclesiais ás que serven.

A nosa tese é que na Igrexa unha administración de bens na que falte a atención ao impulso carismático, non será unha boa administración. O rol de liderado da autoridade, e especialmente dos Ordinarios, deberá ser a guía que oriente a administración de bens na Igrexa cara a unha expresión que sexa testemuño do seu ser e misión.

6.- Bibliografía

- BERLINGÒ, S. «Suplencia de la ley». *DGDC VII*, 479-488.
- BUCKLEY, MICHAEL J. «Discernimiento». En *Diccionario de Espiritualidad Ignaciana*, dirixido por José García de Castro-Grupo de Espiritualidad Ignaciana, 607-611. Bilbao: Mensajero-Sal Terrae, 2007.
- BUENOS SALINAS, S. «Persona jurídica pública». *DGDC VI*, 189-191.
- CAMPO-IBÁÑEZ, M. «Economía al servicio del carisma y la misión. Orientaciones. Presentación y comentario». *Estudios Eclesiásticos* 93 (2018): 819-874.
- CAMPO-IBÁÑEZ, M. «Presentación y comentario canónico a la carta circular de la Congregación para los Institutos de Vida Consagrada y las Sociedades de Vida Apostólica (CIVCSVA), Líneas orientativas para la gestión de los bienes en los institutos de vida consagrada y las sociedades de vida apostólica, de 2 de agosto de 2014». *Estudios Eclesiásticos* 89 (2014): 781-797.

Conferencia de presentación dun novo documento da Congregación para a Doutrina da Fe e do Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral «*Oeconomicae et pecuniariae quaestiones*». *Consideraciones para un discernimiento ético sobre algunos aspectos del actual sistema económico-financiero*, de 17 de maio de 2018. <https://press.vatican.va/content/salastampa/es/bollettino/pubblico/2018/05/17/pres.html>, consultado o 08 de marzo de 2021.

Congregación para a Doutrina da Fe e Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral. *Oeconomicae et pecuniariae quaestiones. Consideraciones para un discernimiento ético sobre algunos aspectos del actual sistema económico y financiero*, de 6 de xaneiro de 2018. Cidade do Vaticano: Librería Editrice Vaticana, 2018. http://www.vatican.va/roman_curia/congregations/cfaith/documents/rc_con_cfaith_doc_20180106_oeconomicae-et-pecuniariae_sp.html, consultado o 08 de marzo 2021.

Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica (CIVCSVA), *Economía al servicio del carisma y de la misión*. «*Boni dispensatores multiformis gratiae Dei*» (1 Pe 4, 10). Orientaciones.

Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica. *Economía al servicio del carisma y de la misión*. «*Boni dispensatores multiformis gratiae Dei*» (1 Pe 4, 10). Orientaciones. Madrid: Publicaciones Claretianas, 2018.

Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica. *La gestión de los bienes eclesíásticos de los Institutos de Vida Consagrada y las Sociedades de Vida Apostólica. Al servicio del humanum y de la misión de la Iglesia. Actas del Simposio Internacional, Roma 8-9 de marzo de 2014*. Cidade do Vaticano: Librería Editrice Vaticana, 2014.

Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica. *Líneas orientativas para la gestión de los bienes en los Institutos de Vida Consagrada y las Sociedades de Vida Apostólica. Carta circular*. Madrid: Publicaciones Claretianas, 2014. En italiano, https://www.vatican.va/roman_curia/congregations/ccsclife/documents/CIVCSVA_lettera-circolare-gesione-beni_20140802.pdf, última consulta o 08 de marzo de 2021. O pdf da carta en castelán pode encontrarse en numerosos lugares en internet, a modo

de exemplo: <https://www.cmis-int.org/carta-circular-de-la-civcsva-lineas-orientativas-para-la-gestion-de-los-bienes-en-los-institutos-de-vida-consagrada-y-en-las-sociedades-de-vida-apostolica/>, última consulta o 08 de marzo de 2021.

Congregazione per gli Istituti di Vita Consacrata e le Società di Vita Apostolica. *Nella fedeltà al carisma ripensare l'economia*. Cidade do Vaticano: Librería Editrice Vaticana, 2018.

COUGHLIN, J. J. «Stylus curiae». *DGDC VII*, 414-415.

FRANCISCO. *Carta encíclica Laudato sí sobre el cuidado de la casa común*, de 24 de maio de 2015, 112: AAS 107 (2015) 892 (847-945); http://www.vatican.va/content/francesco/es/encyclicals/documents/papa-francesco_20150524_enciclica-laudato-si.html, última consulta o 18 de marzo de 2021.

FRANCISCO. *Mensaje a los participantes en el simposio internacional sobre el tema «La gestión de los bienes eclesíásticos de los institutos de vida consagrada y de las sociedades de vida apostólica al servicio del humanum y de la misión en la Iglesia»*. Pontificia Universidad Antonianum, 8-9 de marzo de 2014. http://www.vatican.va/content/francesco/es/messages/pont-messages/2014/documents/papa-francesco_20140308_messaggio-vita-apostolica.html, última consulta o 08 de marzo de 2021.

FRANCISCO. *Mensaje a los participantes en el segundo simposio internacional sobre la gestión económica de los institutos de vida consagrada y las sociedades de vida apostólica*. Roma, 25-27 de noviembre de 2016. http://www.vatican.va/content/francesco/es/messages/pont-messages/2016/documents/papa-francesco_20161125_messaggio-simposio-vita-consacrata.html, última consulta o 08 de marzo de 2021.

GARCIMARTÍN, C. «Persona jurídica privada». *DGDC VI*, 188-189.

OTADUY, J. «Recepción de la ley por la comunidad». En *Diccionario General de Derecho Canónico (DGCC)*, dirixido por Javier Otaduy, Antonio Viana, Joaquín Sedano, 735-739. Pamplona: Aranzadi, 2012.

OTADUY, J. «Praxis». *DGDC VI*, 347-352.

PELLITERO, J. «Carisma». *DGDC I*, 873-877.

PERLASCA, A. «Bien eclesíástico». *DGDC I*, 689-693.

Pontificio Consejo «Justicia y paz». *Nota de la Santa Sede sobre la financiación del desarrollo en vísperas de la Conferencia promovida por la Asamblea General de las Naciones Unidas en Doha, de 18 de noviembre de 2008*, 3c; http://www.vatican.va/roman_curia/pontifical_councils/justpeace/documents/rc_pc_justpeace_doc_20081118_finanza-sviluppo_sp.html, última consulta o 18 de marzo de 2021.

SCHOUPPE, J. P. «Bienes temporales de la Iglesia». *DGDC I*, 703-708.

XOÁN PAULO II. *Constitución apostólica Sacrae disciplinae leges*, de 25 de xaneiro de 1983. *Acta Apostolicae Sedis* 75/2 (1983): VII-XIV.

XOÁN PAULO II. *Exhortación apostólica postsinodal Vita consecrata, sobre la vida consagrada y su misión en la Iglesia y en el mundo*, de 25 de marzo de 1996, 45, *AAS* 88 (1996) 418 (377-486).

ZALBIDEA, D. *El control de las enajenaciones de bienes eclesiásticos. El patrimonio estable*. Pamplona: EUNSA 2008.

ZALBIDEA, D., «Los bienes temporales de la Iglesia al servicio de la misericordia». *Scripta Theologica* 48 (2016), 149-172.

Miguel Campo-Ibáñez
Universidade Pontificia de Comillas
Traduciu: Xesús Portas Ferro